

exposición
sóloEDADES
comisariado TAREIXA GRANDE TABOADA
fernandoBARREIRA 1980/2024



Esta exposición é unha *recolleta* e mirada homenaxe aos meus 44 anos expositivos e primeira exposición despois de 7 anos desde *Pecados provinciales* na ourense Galería de Arte Visol en 2016. Superados duros problemas familiares e persoais, onde houbo que loitar e de novo renacer para nunca deixar de producir, *sóloEDADES* é a volta aos rúdos de xa un artista sereno, libre de obrígacións e proxectos con 60 anos que fixo a súa primeira exposición en 1980 aos 16 anos no antigo colexio de La Salle no seu Verín natal.

sóloEDADES 1980-2024.

Fernando Barreira.

Do show Barreira á culleriña de Manolita Chen

O pasado é un prólogo. Shakespeare

É complexo xerar un relato coas propostas dun autor *uróboro* e autobiográfico, e traducir ao espazo físico da sala Alterarte as ilusións, praceres, naufraxios e conquistas dun caníbal plástico e proteico artista para que o público poida entender esa voracidade infinita dunha fame emocional e creativa compulsiva, sempre insatisfeita, e percorrer o multiverso creativo e vital do fenómeno Barreira.

Fernando Barreira presenta a exposición **sóloEDADES**, tras sete anos de ausencia da escena plástica. É un proxecto en sintonía coa arte relacional que defende aproximar a experiencia cultural e creativa desde o ámbito educativo e universitario ao conxunto da sociedade.

sóloEDADES constitúe unha exposición multidisciplinar que conmemora a vertixe de 44 anos de produción plástica a través da iconografía autobiográfica do polifacético artista.

Cando o amor cura as feridas, as cicatrices son preciosas. David Bowles

sóloEDADES, ilusións, desvelos e obsesións, mostra unha das obras máis representativas do autor, o tríptico de **Las lanzas**, obra épica non exposta ata agora. É unha exposición consentida na que o artista estivo profundamente implicado, tanto no discurso expositivo coma na montaxe da exposición, creando unha auténtica posta en escena chea de efectismo e teatralidade que lle permite ao público mergullarse aos poucos en cada secuencia pictórica, en cada conxunto escultórico, en cada historia, en cada unha das «consecuencias» da traxectoria artística do artista.

En **sóloEDADES** aposta por unha escenografía coral na que cada *idea* se converte en secuencia pictórica. Unha obra inclusiva proxectada non só para contemplar, senón para vivir, experimentar, o labirinto Barreira. Na intersección entre a realidade e a imaxinación, a súa paleta convértese nunha linguaxe universal que transcende as barreiras culturais. A hipertrofia figurativa das súas formas desafía a gravidade. As súas extremidades, traballadas cunha escala superior ao resto do corpo, xeran unha tensión palpable, coma se estivesen a piques de escapar do lenzo.

O medo volveume cruel. Emily Bronte

Los Gestos son as visións de Barreira sobre a desidia, a motivación, o interese, o desprezo, a desconfianza e o medo, a desgana, a violencia e a apatía ante o desenvolvemento dunha idea na fase de creación.

Se o preámbulo á creación son as *Ideas*, os *Xestos* poderíanse definir como o proceso creativo. Son o índice de transición entre a inspiración e o produto resolvido, a materia emocional e o desafío intelectual de cada obra.

Trátase dunha exposición íntima e persoal na cal cada detalle transpira o alento do propio artista coas súas obsesións, dramas, vitorias e autoflaxelacións nun pulso continuo entre a culpa e a indulxencia, a xenerosidade e o capricho; na *terribilitá* da súa mala sorte, a tortura dunha mala saúde de ferro, a fascinación da súa mala vida e a vinganza da mala prensa, aínda que ese *malditismo* bohemio fose máis literario ca ordinario.

No mundo de Barreira, as formas transfórmanse e as intrahistorias despréganse nunha estrita sinfonía cromática. A súa sofisticación do debuxo, a súa linguaxe posvanguardista, a súa elegancia aceda e sabia, reflíctese nunha caligrafía persoal como expiación existencial con atmosfera claustrofóbica na ferida aberta do vermello cadmio. Personaxes simbólicos sometidos a mazaduras, amputacións, cortes e curacións meticulosas. Perspectivas alteradas e expandidas, oníricas, surrealistas e máxicas disimetrías. A identidade convértese en alteridade, fusioando o imaxinario e o subconsciente coa realidade a través da linguaxe iconográfica, conceptual e narrativa. O seu erotismo abstraído e egocéntrico maniféstase en pel desgarrada, cicatrices e ás rotas. As súas obras transitan entre o divino e o humano, catarse de sufrimento e beleza.

A extrema intelixencia emocional de Barreira reflicte con ironía a súa letal análise dunha sociedade enferma. A través dela, inverte o reflexo deformador da realidade para atopar o neno, tenro e tirano que se agocha tras a máscara do tempo e da aparencia. Son os seus, personaxes simbólicos, metáforas recorrentes do mundo da infancia e da familia, sometidos a feridas, amputacións e cicatrices.

A identidade convértese en alteridade. A través da súa linguaxe iconográfica, conceptual e narrativa, Barreira explora a memoria do esquecemento e a permanencia do inmanente. **El tesoro del Delfín** reflexiona sobre o esquecemento e o pasado, a perda, as mutilacións do tempo, os continuos roubos, o desinterese e o inacabado a través desta colección histórica de ourivaría antiga, herdada por Felipe V de Luís de Francia, o gran Delfín, fillo de Luís XIV e como el, afeccionado ao coleccionismo, non só polo pracer de posuír estas rarezas, ou por amor á beleza, senón polas súas supostas propiedades máxicas, profilácticas ou simbólicas, a súa rareza e categoría como símbolos de poder e magnificencia.

Barreira referencia esta colección cunha serie de catro pezas modeladas en pasta cerámica e presentadas en resina. Constitúe unha reflexión sobre os proxectos inacabados, de aí o branco, como ausencia de cor, abandono. Perda.

O trauma, expiado como a culpa, transfórmanse en idea, proceso creativo, concepto plástico, filosofía existencial. Vivir non é máis ca aprender a perder e a primeira e máis dolorosa perda é a infancia.

A arte é un refuxio en tempos de caos. Apollinaire

A obra de Fernando Barreira é unha viaxe ao corazón do ser humano, unha exploración, que subxace baixo cada capa de significado, pedagogía da vulnerabilidade baixo o preciosista verniz da purpurina no barro do tacón, un fascinante universo artístico onde a expresión artística se converte nun espello das nosas propias emocións, inseguridades, pozos, valentías e experiencias.

Comisaria: Tareixa Taboada

Vicerreitoría do
Campus de Ourense-Campus Auga
Universidade de Vigo

